

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERCEDA (A CORUÑA)



RISCO DE INUNDACIÓNS POR ROTURA DA PRESA DE SAN COSMADE

Edición outubro 2023

ÍNDICE

1. FUNDAMENTOS	4
1.1. Obxecto	4
1.2. Ámbito de aplicación	4
2. ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE	5
2.1. Análise do Risco	5
2.2. Elementos Vulnerables	5
3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN	6
3.1. Fases e Situacións do Plan	6
3.1.1. Fase de Preemerxencia (Alerta)	6
3.1.2. Fase de Emerxencia	6
3.1.3. Fase de Normalización	6
3.2. Estructura Organizativa	6
3.2.1. Director do Plan de Actuación Municipal	6
3.2.2. Comité Asesor	7
3.2.3. Gabinete de Información	8
3.2.4. Grupos Operativos	9
3.2.4.1. Grupo Local de Intervención	9
3.2.4.2. Grupo Local Sanitario	9
3.2.4.3. Grupo Local de Apoio Loxístico e Seguridade	10
3.2.4.4. Grupo Local de Apoio Técnico	11
3.2.5. Centros de Coordinación	12
3.2.5.1 Centro de Coordinación Operativa (CECOP)	12
3.2.5.2 Centro de Coordinación Operativa Municipal (CECOPAL)	13
3.2.5.3 Posto de Mando Avanzado (PMA)	13
4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN	13
4.1. Niveis de activación	13
4.2. Criterios de activación	14
4.3. Procedementos xerais	14
4.3.1. Actuacións Xerais	14
4.3.2. Procedementos de activación. Interface con Plans Superiores.	14
4.3.2.1 Procedementos de actuación	14
4.3.2.2 Actuación dos Grupos Operativos	15
4.4. Sistemas de Aviso á Poboación	15
4.4.1. Medios a empregar	15
4.4.2. Destinatarios dos avisos e medios a empregar	15

4.5. Medidas de protección da poboación	15
4.5.1. Evacuación	16
4.5.1.1 Responsabilidade.....	16
4.5.1.2 Execución das tarefas de evacuación	16
4.5.1.3 Lugares de posible evacuación	16
4.5.2. Control de accesos	16
4.5.3. Interface cos PAU.....	16
ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO.....	25
ANEXO 2. MODELO DE DECLARACIÓN DE ACTIVACIÓN E OUTROS COMUNICADOS.....	26
ANEXO 3. CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO	29
ANEXO 4. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA.....	32
ANEXO 5. ELEMENTOS VULNERABLES.....	33
ANEXO 6. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PLAN .	35

1. FUNDAMENTOS

1.1. Obxecto

O Plan de Actuación Municipal (PAM) do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade ten como finalidade conseguir a máxima protección para a poboación que se atopa nas zonas inundables e, no posible, reducir os danos que poidan producirse aos bens e servizos esenciais, de acordo cos medios e recursos locais dispoñibles e plenamente integrados na organización do Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).

O presente PAM, establece a organización e actuacións dos **recursos e servizos propios do Concello de Cerceda**, co obxecto de facerlle fronte ás emerxencias por activación do PEP.

Son funcións básicas do Plan lograr os seguintes obxectivos:

- Prever a estrutura organizativa e os procedementos para a intervención en emerxencias por inundacións no concello, en coordinación cos grupos operativos previstos no plan especial INUNGAL.
- Catalogar os elementos vulnerables e catalogar o territorio en función da análise do risco, en concordancia co establecido no plan especial, así como delimitar áreas de acordo con posibles procedementos de intervención ou actuación para a protección de persoas e bens.
- Especificar os procedementos de información e alerta a poboación, en coordinación cos previstos no plan especial.
- Catalogar os medios e recursos específicos para a posta en práctica das actividades previstas.

1.2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do presente PAM son as poboacións e lugares habitados pertencentes ao Concello de Cerceda que estean situadas en zonas afectadas pola inundación producida por unha posible rotura da presa de San Cosmade.

As poboacións e lugares afectados son:

- Lugar de Portobrea
- Lugar de Ximareu de Abaixo
- Lugar de O Telleiro

2. ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE

2.1. Análise do Risco

O Plan de Emerxencia da Presa de San Cosmade, establece as correspondentes zonas de inundación, segundo os diferentes escenarios resultantes da análise de risco realizada.

No Anexo 4 do presente PAM, apórtase documentación gráfica na que indican as zonas afectadas pola inundación producida por unha rotura da presa. As zonas delimitadas son as afectadas por unha hipotética inundación nos tempos de referencia de 30, 60 e 120 minutos.

2.2. Elementos Vulnerables

O Plan de Emerxencia da Presa de San Cosmade, establece as afeccións existentes nas zonas de inundación, incluíndo listaxe dos elementos afectados.

No Anexo 5 do presente PAM, apórtase unha relación dos elementos vulnerables situados nas zonas afectadas pola inundación producida por unha hipotética rotura da presa de San Cosmade.

Estes elementos clasifícanse nas seguintes categorías:

VIVENDAS

- Lugar de O Telleiro: 3-4 vivendas illadas con un total de 9 persoas residentes.
- Lugar de Portobrea: aproximadamente 10 vivendas no núcleo de Portobrea (con un total de 30 habitantes)
- Lugar de Ximareu de Abaixo: un total de aproximadamente 6 vivendas con 18 persoas residentes.

INFRAESTRUTURAS BÁSICAS

- Estradas locais
- Ponte do Portigo
- Liña e ponte de FFCC A Coruña – Santiago de Compostela
- Estrada e ponte CP-2403
- Estrada AC-413
- EDAR e ETAP de Cerceda

OUTROS EQUIPAMENTOS

- Campo de fútbol A Revolta
- Área recreativa Portobrea

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

3.1. Fases e Situacións do Plan

Considéranse tres fases diferenciadas:

- Preemerxencia (alerta).
- Emerxencia.
- Volta á normalidade.

3.1.1. Fase de Preemerxencia (Alerta)

É a fase identificada cunha situación que, por evolución desfavorable, pode dar lugar a unha situación de emerxencia. O obxecto desta fase é alertar ás Autoridades e servizos implicados, así como informar á poboación potencialmente afectada. Correspondese coa declaración de escenario 1 no PEP.

3.1.2. Fase de Emerxencia

Esta fase iníciase cando se declara un escenario 2 no PEP, é dicir, a pesar das medidas adoptadas non se pode garantir a seguridade da mesma por ser inminente a inundación ou ter xa comezado. A emerxencia prolongarase, como mínimo, ata ter tomado todas as medidas necesarias de protección de persoas e bens.

3.1.3. Fase de Normalización

É a fase posterior á de emerxencia, e prolongarase ata o restablecemento das condicións mínimas imprescindibles para un retorno á normalidade nas zonas afectadas pola inundación. Levaranse a cabo as primeiras tarefas de rehabilitación consistentes fundamentalmente na inspección do estado das edificacións, limpeza de vivendas e vías, reparación de danos máis significativos e posta en marcha dos servizos básicos fundamentais.

3.2. Estructura Organizativa

O PAM é a resposta da Administración Local para mellorar a xestión dunha emerxencia dentro do ámbito territorial do seu concello.

É responsabilidade da corporación local a elaboración do seu propio plan para as emerxencias potenciais do seu ámbito territorial, e que poidan ser controladas polos servizos operativos locais podendo contar coa colaboración de outros medios de ámbitos territoriais superiores.

É preciso polo tanto, dispor dunha estrutura organizativa a nivel local ante unha emerxencia segundo se indica a continuación.

3.2.1. Director do Plan de Actuación Municipal

É o responsable da emerxencia a nivel municipal.

	Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº Ficha de Actuación
Titular	Juan M. Rodríguez García	Alcalde	699 222 386	1
Suplente	Catrina Queijo García	Concelleira	650 576 668	1

Funcións

- Declarar a situación de emerxencia e a súa finalización, segundo o establecido no presente PAM. Informar ao director do Plan INUNGAL, a través do CIAE-112, da evolución da mesma.
- Convocar aos membros do Comité Asesor.
- Constituír e exercer a dirección do CECOPAL.
- Decidir as actuacións para desenvolver desde o CECOPAL.
- Coordinar co Director do Plan INUNGAL as actuacións a realizar no Concello.
- Dar a orde de afastamento/evacuación, no caso que se considere necesaria esta medida aínda cando non soaran as sirenas.
- Determinar os recursos humanos e materiais de ámbito municipal que deben asignarse á emerxencia, establecendo as prioridades de actuación que estime oportunas.
- Aplicar as medidas de protección á poboación, aos bens e ao medio ambiente que correspondan.
- Integrar os medios e recursos municipais dispoñibles nos grupos operativos do Plan INUNGAL, para garantir a protección e a seguridade da poboación.
- Asegurar o mantemento e a operatividade do Plan de Actuación Municipal.
- Todas aquelas accións necesarias en función do risco.

3.2.2. Comité Asesor

Composición

		Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº Ficha Actuación
Xefe Grupo Local de Intervención	Titular	Mar Pérez	Xefa Protección Civil	616420777	3
	Suplente	Eladio Barbeito Vontureira	Voluntario de protección civil	616170070	
Xefe Grupo Local Sanitario	Titular			Non existe en relación a este PAM	4
	Suplente				
Xefe Grupo Local de Apoio Loxístico e Seguridade	Titular	Xefe da Policía Local		608 586 940	5
	Suplente	Policía Local		608 586 940	
Xefe Grupo Local de Apoio Técnico	Titular	Ángel Loureiro Pereiro	Técnico de Medio Ambiente	616159403	6
	Suplente	Mariló de Urda Muñoz	Arquitecta Municipal	655610663	

Funcións

- Analizar e valorar a situación, para asesorar ao director do PAM nas actuacións a realizar.

3.2.3. Gabinete de Información

Composición

	Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº Ficha de Actuación
Titular	Juan M. Rodríguez García	Alcalde	699 222 386	2
Suplente	Catrina Queijo García	Concelleira	650 576 668	2

O Gabinete de Información situarase no edificio do Concello de Cerceda (Avda. do Mesón, 21 - Cerceda) e deberá de estar en contacto permanente co Gabinete de Información do Plan INUNGAL. O titular do Gabinete Municipal de Información asegurará esta coordinación.

Os principais recursos de información e difusión propios cos que conta o Concello de Cerceda son:

- Taboleiros de anuncios.
- Páxina web: <https://www.cerceda.org>
- Redes sociais: Facebook e Instagram.

- Correo electrónico: correo@cerceda.es
- Teléfono: 981 685 001
- Fax: 981 685 205

As emisoras de radio con cobertura local de maior relevancia son:

- Radio Cerceda: 107.2 FM
- Radio Galega: 88.5 FM / 96.2 FM / 97.9 FM / 99.5 FM / 103.9 FM / 104.4 FM
- Radio Voz: 92.6 FM / 99.8 FM / 106.1 FM / 105.4 FM
- Onda Cero: 101.3 FM / 99.3 FM / 89.9 FM / 88.8 FM / 104.6 FM
- Cope: 96.6 FM / 101.9 FM
- RNE (Radio 5): 93.7 FM / 95.8 FM

A prensa escrita con posibilidade de consulta web e con cobertura local de maior relevancia son:

- La Voz de Galicia: www.lavozdeg Galicia.es

Tamén se proporcionará información a través da canle de rtv de Cerceda:

- rtvcerceda: www.rtvcerceda.com

Funcións

As principais funcións deste gabinete, en coordinación co CECOP (CIAE-112 Galicia), son:

- Centralizar, coordinar e preparar a información sobre a emerxencia (elaboración de comunicados, ordes e recomendacións), en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, transmitíndoa á poboación a través dos medios de comunicación de titularidade propia ou mediante os medios de comunicación social.
- Asistir á prensa proporcionando a información necesaria de carácter municipal, en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, e corrixindo as informacións erróneas.
- Transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información do Plan INUNGAL

3.2.4. Grupos Operativos

3.2.4.1. Grupo Local de Intervención

Este grupo quedará integrado no Grupo de Intervención do Plan INUNGAL en caso de activación do mesmo.

Composición

	Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº Ficha de Actuación
Titular	Mar Pérez	Xefa Protección Civil	616420777	3
Suplente	Eladio Manuel Loureiro Ventureira	Voluntario Protección Civil	616170070	3

Funcións

- Controlar, reducir ou neutralizar os efectos das inundacións, dentro do ámbito municipal, cos medios dispoñibles, en coordinación co xefe do Grupo de Intervención do Plan INUNGAL
- Participar nas tarefas de rescate e salvamento de persoas e bens.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

3.2.4.2. Grupo Local Sanitario

Non se conta con grupo local sanitario.

3.2.4.3. Grupo Local de Apoio Loxístico e Seguridade

Composición

		Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Nº Ficha Actuación
Responsable do Equipo Operativo deSeguridade	Titular	Xefe Policía Local	Xefe Policía Local	4
	Suplente	Policía Local	Policía Local	
Responsable do Equipo OperativoLoxístico	Titular	Ángel Loureiro Pereiro	Técnico de medio ambiente y servicios	4
	Suplente	Policía Local	Policía Local	

Unidade Operativa de Apoio Loxístico

Funcións

De acordo co xefe do Grupo de Apoio Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL:

- Avisar e informar á poboación afectada e, en particular, aos elementos especialmente vulnerables da situación e do risco inminente.

- Comunicar á poboación as medidas a adoptar, e asegurar a súa aplicación.
- Executar as medidas de protección sobre os elementos vulnerables: coordinar e executar a evacuación ou o afastamento da poboación, de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL, coordinando as tarefas.
- Preparar, no caso que sexa necesario, os lugares de acollida no caso de evacuación ou afastamento. Efectuar a relación de persoas afectadas (evacuadas e/ou confinadas).
- Asesorar a provisión dos recursos complementarios que o Director do Plan INUNGAL, do PAM ou dos grupos de actuación necesiten para cumprir as súas misións e a mobilización destes medios. Xestionar os recursos e medios municipais (públicos e privados) para poñelos a disposición dos grupos.
- Proporcionar soporte á constitución do PMA.
- Proporcionar soporte para o abastecemento do persoal dos grupos e combustible para os vehículos e as máquinas.
- Establecer sistemas complementarios alternativos de comunicacións cando sexa necesario.
- Coordinar as súas actuacións cos outros grupos a través do PMA.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia sobre a evolución da situación en tempo real.

Unidade Operativa de Seguridade

Funcións

De acordo co xefe do Grupo de Apoio Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL:

- Garantir a seguridade cidadá na zona de risco.
- Garantir o control de accesos e a vixilancia viaria das zonas afectadas.
- Garantir o control de tránsito de acceso dos compoñentes dos grupos á zona da emerxencia; especialmente, sinalizar e guiar aos actantes cara o Posto de Mando Avanzado e cara a área sanitaria.
- Garantir que os grupos operativos poden actuar sen ningún impedimento.
- Colaborar nas tarefas de evacuación e afastamento coa unidade operativa de Apoio Loxístico.
- Coordinar as súas actuacións coas dos outros grupos a través do PMA.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

3.2.4.4. Grupo Local de Apoio Técnico

Composición

	Nome / Cargo Operativo	Cargo Habitual	Nº Ficha de Actuación
Titular	Ángel Loureiro Pereiro	Técnico Medio Ambiente	5
Suplente	Mariló de Urda Muñoz	Arquitecta municipal	5

Funcións

De acordo co xefe do Grupo de Apoio Técnico do Plan INUNGAL:

- Executar as medidas necesarias para conseguir a rehabilitación e restablecemento dos servizos públicos esenciais: auga, luz, teléfono, gas, combustibles.
- Propoñer as medidas de carácter corrector precisas para facer fronte, controlar ou minorar as consecuencias de determinados tipos de riscos.
- Avaliar os equipos necesarios para a aplicación destas medidas.
- Proporcionar solucións alternativas de carácter temporal antes do restablecemento normal destes.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

3.2.5. Centros de Coordinación

3.2.5.1 Centro de Coordinación Operativa (CECOP)

O Centro de Coordinación Operativa (CECOP) é o centro de mando principal das emerxencias referidas ao Plan INUNGAL e neste órgano reside a dirección, coordinación e supervisión de tódalas operacións propias e a activación dos Medios que sexan necesarios para cada suceso.

Tal como recolle o Plan, con carácter xeral o CECOP do Plan INUNGAL constituirase nas dependencias do CIAE 112 Galicia.

Dirección	Avd. da Cultura, s/n 36680 A Estrada - Pontevedra
Teléfono	112 886 15 27 00
Fax	886 15 25 90 886 15 25 91

3.2.5.2 Centro de Coordinación Operativa Municipal (CECOPAL)

O Centro de Coordinación Municipal é o lugar onde se materializan as instrucións determinadas polo Director do PAM, de acordo co Director do INUNGAL, en cada momento e segundo evolucione a emerxencia.

Dende este Centro diríxense e coordínanse as actuacións dos servizos municipais, establecendo as prioridades de actuación no Concello, tomando as medidas necesarias de protección a persoas e bens.

Dirección	Concello de Cerceda Avda. do Mesón, 21 15185 - Cerceda (A Coruña)
Teléfono/s	981 685 001
Fax	981 685 205
Recursos	Web: www.cerceda.org Correo electrónico: correo@cerceda.es
Outras comunicacións	

3.2.5.3 Posto de Mando Avanzado (PMA)

A localización do PAM determinaraa o Director do Plan INUNGAL de acordo co Director do PAM.

A criterio da Dirección poderanse constituír máis dun PMA de acordo coas características da emerxencia.

No PMA se coordinan in situ os traballos dos diferentes Grupos Operativos, en comunicación co Director do INUNGAL.

4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN

4.1. Niveis de activación

ALERTA

O Plan activarase en *fase de pre-emerxencia (alerta)*:

- o Cando o CIAE-112 indique que a **presa de San Cosmade declarou o escenario 1** (aplicación de medidas correctoras).

EMERXENCIA

O Plan activarase en *fase de emerxencia*:

- Cando o CIAE-112 indique que a **presa de San Cosmade declarou o escenario 2** (excepcional).

4.2. Criterios de activación

O nivel de activación do plan é función do tipo de suceso, móstranse na seguinte táboa os diferentes niveis:

SUCESO	NIVEL DE ACTIVACIÓN
O CIAE 112 avisa da declaración polo Director do Plan de Emerxencia da Presa de San Cosmade de Escenario 1.	Alerta
O Director do Plan de Emerxencias da Presa de San Cosmade declara o nivel 2.	Emerxencia

4.3. Procedementos xerais

4.3.1. Actuacións Xerais

Diante da previsión de risco, o CIAE-112 tramitará os correspondentes avisos que conlevarán actuacións a nivel municipal como:

- Seguimento da situación.
- Información aos integrantes do PAM (Comité Asesor, grupos operativos e gabinete de información).
- Posible convocatoria do Comité Asesor municipal, se se considera necesario.
- Comunicación ao CIAE-112 que o PAM por inundacións por rotura de presa se atopa en activado na fase correspondente.

4.3.2. Procedementos de activación. Interface con Plans Superiores.

Unha vez detectada unha situación de risco ou emerxencia inminente, o CIAE-112 deberá informar aos concellos afectados ou potencialmente afectados pola inundación derivada da rotura da presa.

En función dos niveis e criterios establecidos nos puntos 4.1. e 4.2., o PAM, será activado polo Director do PAM:

- **Activación en Alerta:** supón o aviso e información aos integrantes do PAM.
- **Activación en Emerxencia:** supón a convocatoria do Comité Asesor, a constitución do CECOPAL e a mobilización dos grupos operativos establecidos no Plan.

4.3.2.1 Procedementos de actuación

Unha vez activado o Plan en emerxencia e constituído o Comité Asesor, o CECOPAL e os Grupos Operativos locais, o Director do PAM deberá manter contacto

permanente co Director do Plan INUNGAL, co PMA e cos responsables dos Plans de Autoprotección correspondentes.

4.3.2.2 Actuación dos Grupos Operativos

Ver as fichas dos procedementos de actuación dos distintos Grupos Operativos.

4.4. Sistemas de Aviso á Poboación

E responsabilidade do director do PAM, (Alcalde do concello) con carácter inmediato, dar as oportunas instrucións para difundir as informacións.

4.4.1. Medios a empregar

- Avisos a través dos medios de comunicación locais (emisoras de radio ou TV locais). Estas mensaxes deberán coordinarse cós avisos dados pola Dirección do INUNGAL.
- Avisos directos realizados mediante sistemas de megafonía manual ou instalada en vehículos. Poderá efectualas a Policía Local se a houbera, contando coa colaboración da AVPC e as FCSE.
- Sistema de avisos acústicos da presa previstos no Plan de emerxencia de Presa. So se activan en escenario 3, cando a rotura é inminente ou xa comezou, polo que se estima que a poboación estará fóra de perigo cando soen as sirenas.

Ademais, poderanse efectuar avisos telefónicos á poboación afectada ou calquera outro medio de comunicación, conforme aos listados incluídos no anexo específicos deste Plan. Estes avisos serán efectuados polo persoal do Concello.

4.4.2. Destinatarios dos avisos e medios a empregar

Elementos vulnerables incluídos no anexo 5 específicos deste manual.

Os comunicados tipo de aviso para evacuación achéganse no Anexo 2 deste Plan.

4.5. Medidas de protección da poboación

Considéranse medidas de protección os procedementos, actuacións e medios previstos no presente PAM, co fin de evitar ou atenuar as consecuencias das inundacións por rotura de presa, inmediatas e diferidas, para a poboación e o persoal interviniente no terreo.

Contéplanse as seguintes, sen excluír a posibilidade de adoptar outras diferentes que cada situación concreta puidese requirir:

- Avisos á poboación afectada.
- Cortes e control de estradas.
- Establecemento de puntos de encontro ou afastamento
- Procedementos de evacuación.

- Asistencia sanitaria e social.
- Prohibición de actividades nas canles ou nas proximidades delas.

4.5.1. Evacuación

No caso do risco de inundación por rotura de presa, a medida mais eficaz é o afastamento ou evacuación, de forma áxil e ordenada.

4.5.1.1 Responsabilidade

E responsabilidade do director do PAM, (Alcalde do concello) adoptar esta medida, en coordinación co Director do INUNGAL.

4.5.1.2 Execución das tarefas de evacuación

O Grupo Local Loxístico e de Seguridade, en colaboración co do Plan INUNGAL, se é o caso, executará as tarefas de evacuación.

4.5.1.3 Lugares de posible evacuación

O punto de reunión, en caso de evacuación, será no control de accesos da Central Térmica de Meirama (X: 548.227, Y: 4.779.377).

Por proximidade, o lugar de posible evacuación é o seguinte:

- Pavillón municipal de Cerceda (rúa Fernando González Laxe, xunto a piscina climatizada de Cerceda)

4.5.2. Control de accesos

Nº Pto.	Descrición	Rutas alternativas	Responsables
1	X: 547.882, Y: 4.779.409 Estrada Cerceda – Ordes (AC-523) á altura da Central Térmica de Meirama	Non hai ruta alternativa indicada	Xefe do Grupo local de Apoio Loxístico
2	X: 546.093, Y: 4.780.244 Estrada AC-523 á altura de Sogama	Non hai ruta alternativa indicada	Xefe do Grupo local de Apoio Loxístico

4.5.3. Interface cos PAU

No caso dunha emerxencia na presa de San Cosmade, como tarefas prioritarias, debería comunicarse a mesma aos Centros ou edificios que dispoñan de Plan de Autoprotección (en especial a colexios, centros, instalacións ou empresas) dentro das zonas afectadas.

No Concello de Cerceda non existen centros que dispoñan de Plan de Autoprotección dentro das zonas afectadas por unha rotura da presa de San Cosmade.

FICHAS DE ACTUACIÓN

FICHA 1	DIRECTOR DO PAM
FICHA 2	XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN
FICHA 3	XEFE DO GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN
FICHA 4	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE
FICHA 5	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO

FICHA DE ACTUACIÓN 1	DIRECTOR DO PAM
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCÍONS / ACCIÓNS</u> • Avisado da emerxencia ou da previsión da mesma: deberá informar aos órganos e autoridades que se indiquen en cada caso (<i>consultar anexo específico</i>). • Contactar co CIAE-112 para: - Confirmar o aviso, ampliar e contrastar a información. - Preguntar si se activou o Plan INUNGAL e si ten previsto un PMA (en caso afirmativo, preguntáronse se pretende ubicar os medios de comunicación dispoñibles). - Facilitar os teléfonos de contacto actualizados do Concello e do CECOPAL. <u>Fase Alerta</u> • Dar as instrucións para adoptar e as medidas preventivas necesarias. • Avisar a tódolos Responsables recollidos no PAM • Facer un seguimento da alerta e, se o cree conveniente, constituír o CECOPAL. <u>Fase Emerxencia</u> • Contactar co Director do Plan INUNGAL para concretar as actuacións necesarias • Activar o PAM no nivel de emerxencia e comunicar esta activación ao CIAE-112. • Co Comité Asesor, debe decidir a activación dos Grupos Operativos locais. • Constituír o CECOPAL. Ampliar, se é posible, os medios de comunicación (teléfono, fax e radio). • Avaliar os posibles perigos á poboación. • Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias e/ou de intervención no sinistro. • Verificar a correcta realización das tarefas encomendadas ao Concello e en concreto: - Avisos á poboación, especialmente aos elementos vulnerables. - Tareas de evacuación e acollida. - Organización da loxística municipal. - Apoio á intervención do INUNGAL, no caso de ter medios e recursos propios. • Seguimento desde o CECOPAL da emerxencia, contrastando informacións e previndo posibles necesidades. • Supervisar a correcta información da emerxencia e o seu envío ao Gabinete de Información. Participar en roldas de prensa ao medios de comunicación, en coordinación co Gabinete de Comunicación do Plan, se é o caso. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • Os propios do Concello • Servizos, empresas, medios e persoas do Concello. <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • CECOPAL. <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> • Cartografía xeral e cartografía específica (<i>ver anexo específico deste Plan</i>). • Modelos de comunicados: de activación, de desactivación, de evacuación e de afastamento. • PAM e INUNGAL.	

FICHA DE ACTUACIÓN 2	GABINETE DE INFORMACIÓN MUNICIPAL
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u> - Centralizar, coordinar e preparar a información que recibe, sobre a emerxencia e facilitarlle á poboación a través dos medios de comunicación, aos grupos operativos ou a outras Administracións, en colaboración e coordinación co Gabinete de Información do INUNGAL. Fase Alerta - Difundir en nome do Director a declaración de Alerta do Plan de Emerxencia Municipal. - Difundir os consellos de autoprotección adecuados á poboación durante a situación de risco (<i>ver anexo específico</i>). - Recoller e difundir a información sobre a situación de perigo. - Difundir en nome do Director a desactivación do PAM. - Unha vez pasada a situación de perigo, atender aos medios de comunicación social, proporcionándolles a información necesaria e corrixindo informacións erróneas. <u>Fase Emerxencia</u> - Difundir a declaración de Emerxencia do Plan de Emerxencia Municipal. - Preparar e difundir as mensaxes de información á poboación durante a situación de emerxencia (<i>ver anexo específico</i>): - Sobre o perigo e sobre as medidas de autoprotección. - Sobre as medidas que se están levando a cabo para resolver a situación e para manter as administracións esenciais. - Recoller e difundir a información sobre o suceso, en coordinación co Gabinete de Prensa do Plan INUNGAL. - De ser o caso, informar sobre as persoas evacuadas e/ou confinadas e lugar onde están situadas. - Se é necesario garantir a constitución dun punto de información á poboación e aos medios de comunicación, con información da localización dos afectados e con información contrastada e autorizada sobre o sinistro e os medios dispostos para resolvelo. - Difundir a desactivación do Plan. - Pasada a emerxencia, atender aos medios de comunicación social, proporcionando a información necesaria e corrixindo informacións erróneas. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> - Telefonía, megafonía e comunicacións e medios propios <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> - En caso que se active o Plan, ao CECOPAL. <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> - Listados telefónicos. - Modelos de comunicados.	

FICHA DE ACTUACIÓN 3	XEFE DO GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCÍONS / ACCIÓNS</u>	
<u>Unha vez recibido o aviso da situación de emerxencia por inundacións por rotura de presa:</u>	
• Contactar co Director do PAM, demandando información e instrucións. Si se constitúe o CECOPAL, desprazarase ata o mesmo ou ata o punto de encontro establecido. • Contactar cos membros do Grupo e convocalos no lugar preestablecido. • Organizar os relevos, de ser necesario. • De acordo co responsable do Grupo Local Loxístico e de Seguridade, organizar o avituallamento dos membros do seu equipo.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
• Recursos propios do Grupo	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
• Lugar da emerxencia ou punto de encontro. • PMA • CECOPAL	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
• Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste Plan) • PAM • Plan INUNGAL	

FICHA DE ACTUACIÓN 4	XEFE DO GRUPO LOCAL LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u> • Contactar co Director do PAM , demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí. • Activar o Grupo Local Loxístico e de Seguridade. <u>ACCIÓNS RESPONSABLE EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO</u> • Cuantificar, prever e ter localizados os medios extraordinarios dispoñibles no Concello (<i>ver en anexos o directorio telefónico que acompaña a este manual</i>). • Contactar co Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL para xestionar a demanda dos recursos necesarios, públicos ou privados, que se poden obter no termo municipal. • Controlar o uso dos recursos xestionados e o seu estado. • Se é o caso, activación dos centros de acollida e os seus responsables. • Se é o caso, establecer, xuntamente co Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL, o reforzo das comunicacións do centro de acollida. • Se é o caso, prever, xunto co Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL, o avituallamento dos centros de acollida. • Se é o caso organizar, xuntamente co Grupo Sanitario do Plan INUNGAL, posibles atencións nos centros de acollida. • A demanda de recursos alleos ao concello farase sempre desde o CIAE-112. <u>ACCIÓNS RESPONSABLE EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE</u> • Establecer o aviso telefónico, por megafonía ou por outros medios e/ou o desprazamento aos núcleos illados. Considerar se é necesario a evacuación ou confinamento en lugar seguro. (<i>Ver o directorio telefónico e o cadro de elementos vulnerables nos anexos que acompañan a este manual</i>). • Determinar conxuntamente co Director do PAM as necesidades de información do conxunto da poboación. • En caso de evacuación, determinar co Director do PAM o centro ou centros de acollida, en función da área a evacuar. • Coordinar cos membros do grupo: - O control de accesos nas vías que permiten acceder aos lugares de intervención, para impedir o acceso de persoas non autorizadas. - Sinalización das vías de acceso, para favorecer a chegada dos grupos actantes. • Establecer as rutas de aviso e evacuación. • Mobilizar, en caso de ser necesario, os medios de transporte necesarios para a evacuación. • Executar a evacuación. • Prever, xuntamente co Xefe do Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan INUNGAL, a vixilancia das zonas evacuadas. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • Os propios do Grupo <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • CECOPAL • PMA <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste Plan) • PAM • INUNGAL	

FICHA DE ACTUACIÓN 5	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u> • Contactar Director do PAM, demandando información e instrucións. Se o Director do PAM constitúe o CECOPAL, desprazarse ata el. • Activar o Grupo Local de Apoio Técnico. • Poñerse en contacto coas empresas subministradoras dos servizos públicos esenciais (auga, luz, teléfono, etc.), informándose da situación e executando as medidas necesarias para o restablecemento dos mesmos. • Decidir a aplicación de solucións alternativas mentres non se restablecen os servizos públicos. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • Os propios do Grupo <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • En caso que se active o Plan, ao CECOPAL <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> • PAM • INUNGAL	

ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO

Responsable	Nome	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
CECOP/CIAE-112	-	112
Director do PAM	Juan Manuel Rodríguez García (Alcalde)	699 222 386
Xefe do Gabinete de Información	Juan Manuel Rodríguez García (Alcalde)	699 222 386
Xefe do Grupo Local de Intervención	Mar Pérez	616 420 777
Xefe do Grupo Local Sanitario	-	-
Responsable do Grupo Local de Apoio Loxístico	José Seoane	636106979
Responsable do Grupo Local de Seguridade	Xefe da Policía Local	608 586 940
Xefe do Grupo Local de Apoio Técnico	Ángel Loureiro Pereiro	616159403
Substituto do Gabinete de Información	Catrina Queijo García (Concelleira)	650 576 668
Substituto do Grupo Local de Intervención	Eladio Manuel Barbeito Ventureira	616170070
Substituto do Grupo Local Sanitario	-	-
Substituto do Grupo Local de Apoio Loxístico	Xefe da Policía Local	608 586 940
Substituto do Grupo Local de Seguridade	Xefe da Policía Local	608 586 940
Substituto do Grupo Local de Apoio Técnico	Mariló de Urda Muñoz	655610663

ANEXO 2. MODELO DE DECLARACIÓN DE ACTIVACIÓN E OUTROS COMUNICADOS

1. Modelo de declaración formal de activación e desactivación do Plan de Actuación Municipal en Alerta/Emerxencia

NOTIFICACIÓN DE ACTIVACIÓN DO PAM POR INUNDACIÓN POR ROTURA DE PRESA EN FASE DE <i>ALERTA</i>
(comunicar telefonicamente e vía e-mail ao CIAE-112) Juan Manuel Rodríguez García, Alcalde do concello de Cerceda DECLARO: ACTIVADO o Plan de Actuación Municipal, a causa de inundacións por rotura da presa de San Cosmade no Concello de Cerceda ALERTADO o Comité Asesor As medidas previstas son: • • • O Alcalde: En Cerceda , a de de 20

NOTIFICACIÓN DE ACTIVACIÓN DO PAM POR INUNDACIÓN POR ROTURA DE PRESA EN FASE DE <i>EMERXENCIA</i>
(comunicar telefonicamente e vía e-mail ao CIAE-112) Juan Manuel Rodríguez García, Alcalde do concello de Cerceda DECLARO: ACTIVADO o Plan de Actuación Municipal, a causa de inundacións por rotura da presa de San Cosmade no Concello de Cerceda CONSTITUÍDO o Comité Asesor As medidas previstas son: • • • O Alcalde: En Cerceda , a de de 20

**NOTIFICACIÓN DE DESACTIVACIÓN DO PAM POR INUNDACIÓNS POR ROTURA
DE PRESA**

(enviar ao **CIAE-112** por telefax)

Juan Manuel Rodríguez García, Alcalde do concello de Cerceda, e xa que ten desaparecido todo o risco,

DECLARO:

DESACTIVADO o Plan de actuación municipal, a causa de inundacións por rotura da presa de San Cosmade no Concello de Cerceda, e a volta á normalidade

DISOLTO o Comité Asesor

O Alcalde:

En Cerceda , a de de 20

2. Modelos de bando para ordes de evacuación ou de confinamento

BANDO – ORDE DE EVACUACIÓN/AFASTAMENTO

O Alcalde do Concello de Cerceda ORDENA evacuar a zona, seguindo as seguintes instrucións:

- Diríxanse cos seus vehículos ao Pavillón Municipal de Cerceda (Rúa Fernando González Laxe, xunto a piscina municipal climatizada)
- Se non posúe medio de transporte propio, diríxase Control de accesos da Central Térmica de Meirama (X: 548.227, Y: 4.779.377) e agarde, desde alí será recollido e lavado a lugar seguro para ser evacuado.
- Leve consigo unicamente o que sexa imprescindible (documentación, medicación, se a precisa, cartos...). Se vostede vai moi cargado, a evacuación non poderá ser tan rápida e áxil como é necesario.

3. Modelos de comunicado por megafonía ou medios de comunicación social do concello de aviso de evacuación ou confinamento

COMUNICADO DE EVACUACIÓN
ATENCIÓN, ATENCIÓN O Concello de Cerceda comunica que se debe EVACUAR esta zona. Siga as seguintes instrucións: • Diríxanse cos seus vehículos ao Pavillón Municipal de Cerceda (Rúa Fernando González Laxe, xunto a piscina municipal climatizada). • Se non posúe medio de transporte propio, diríxase Control de accesos da Central Térmica de Meirama (X: 548.227, Y: 4.779.377) e agarde, desde alí será recollido e lavado a lugar seguro para ser evacuado • Peche ben as portas, fiestras e persianas. No lugar indicado poderá permanecer ata que teña pasado o risco. Seguirase informando.

ANEXO 3. CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO

O presente anexo ten como obxecto facilitar unha serie de consellos a trasladar a poboación. A poboación asentada en zonas de potencial risco, debe coñecer estas medidas e comportamentos en caso de inundacións:

Sobre a declaración do escenario 2

- Comunicarase a orde de evacuar a poboación de forma ordenada.
- Farase especial fincapé en que se trata dunha medida de tipo preventivo, xa que non se produciu rotura de presa algunha.
- Indicarase cales son os puntos de encontro seguros, así como as vías de evacuación que deben tomarse.
- Informarase sobre as accións realizadas en aplicación do Plan de Evacuación (lugares públicos evacuados).
- Informarase sobre a necesidade de estar atentos a posibles avisos de sirenas (escenario 3).
- Comunicarase a posibilidade de obter mais información a través de radio ou TV local, megafonía, etc.

Sobre a declaración do escenario 3

- Darase orde de que todas as persoas que permanezan na zona inundable, incluídos os rescatadores, se trasladen inmediatamente a lugar seguro.

INSTRUCCIÓNS A POBOACIÓN

Se ten que evacuar a zona:

1. Colla as tarxetas de identificación e roupa das persoas coas que se atopa.
2. Tome a súa documentación, telefono móbil, botiquín, lanterna, radio de pilas secas, alimentos básicos, roupa de abrigo, obxectos valiosos pouco voluminosos e abandone inmediatamente o lugar onde se atopa para dirixirse ao punto de encontro.
3. Abandone todos os demais efectos persoais.
4. Desconecte a electricidade, o gas e a auga.
5. Peche e asegure as portas e as fiestras.
6. Se dispón de vehículo propio, diríxase directamente ao punto de encontro pola vía que lle indiquen.
7. Se non dispón de vehículo propio, diríxase a pé ao punto de encontro, notifique a súa chegada á autoridade (datos persoais, etc.) e tome un dos medios de transporte que o Plan pon a súa disposición.

8. Se é parte dun dos grupos críticos cuxa evacuación debe ser asistida, permaneza na porta da súa vivenda en lugar visible e sen abandonar o dito lugar ata que acudan a recollelo.
9. Use o seu teléfono móbil só para avisar ás autoridades e en caso estritamente necesario.
10. Non propague rumores, nin informes esaxerados, nin interfira nas labores de evacuación.

Que facer despois da emerxencia

1. Siga as indicacións da autoridade municipal na operación de regreso.
2. Autorizado o retorno a súa vivenda, efectúe unha inspección previa para verificar un posible risco de derrube, retire animais mortos e comece a limpeza polas zonas mais altas, depositando na beirarrúa ou marxe da calzada, os aparellos que quedaran inútiles.
3. Abstéñase de beber auga que non reúna todas as garantías hixiénicas.
4. Siga rigorosamente as normas sanitarias e de hixiene ditadas pola autoridade competente.
5. Axude aos equipos de salvamento e limpeza nas tarefas de desescombros do tramo da vía pública que lle corresponda.

Recomendación para automobilistas

1. Infórmese de que sucede e que facer a través da emisora de radio ou do teléfono 112.
2. Coñeza a ubicación das poboacións mais próximas e diríxase en dirección a algunha delas, unha vez alí, infórmese de cal é o lugar seguro mais próximo e evacúe o lugar como calquera outro habitante do mesmo, seguindo a ruta recomendada.
3. Non permaneza en lugares altos que aparentemente resulten seguros, é posible que non o sexan.

Normas e precaucións na transmisión da información

1. Se a urxencia o permite, antes da transmisión, lerase todo o mensaxe ata entender completamente o seu contido, co obxecto de eliminar demoras durante a súa comunicación.
2. As comunicacións serán concisas e en ton normal de conversación.
3. Pronunciaranse as palabras de forma clara e diferenciada, mantendo unha velocidade constante e moderada no enunciado.
4. Manterase un volume constante e moderado na comunicación, gardándose unha distancia fixa ao micrófono.
5. Non se transmitirá mentres se estea recibindo a mensaxe.
6. Para deletrear palabras empregárase o alfabeto fonético da IKO.

7. Para transmitir expresións numéricas, lerase cada unha das súas cifras.
8. Cando se cometera un erro na transmisión, enunciárase a palabra corrección seguida da versión correcta do último grupo ou frase transmitida.

QUE É E PARA QUE SERVE UN PLAN DE EMERXENCIA DE PRESA?

É un plan que:

- Establece a organización dos recursos humanos e materiais necesarios para controlar a seguridade da presa.
- Facilita a posta en activo dos servizos e recursos para protexer á poboación en caso de incidente.
- Posibilita que a poboación afectada adopte as medidas oportunas de autoprotección.

Obxectivos do Plan de Emerxencia de Presa:

- Anticiparse aos problemas que se poiden presentar na presa e establecer a forma de resolvelos.
- Evitar a rotura da presa, e de non poder impedi-lo minimizar as súas consecuencias sobre as poboacións situadas augas abaixo.

Como se avisará a poboación?

**Sirena de Alarma**

**Megafonía**

**Radio**

112

EMERXENCIAS GALICIA


Teléfono de urxencias e emerxencias

GARDE ESTE FOLLETO

Este folleto é unha guía básica de actuación ante o risco de inundacións.

Téñao sempre a man e faga que tódalas persoas da súa familia o coñezcan.

PLAN DE EMERXENCIA



PRESA DE SAN COSMADE

CERCEDA

NORMAS DE ACTUACIÓN

**XUNTA DE GALICIA**

**augasdegalicia**

**goonaturaljerona**

Como se avisará á poboación?



Megafonía

Coa megafonía dos Servizos de Emerxencia



Radio

A través da radio:

- Onda Cero: 90.90 / 98.60
- SER: 92.20 (SER Pontevedra)
- COPE: 97.10
- RNE 1: 100.40
- RADIO GALEGA: 96.20 / 100.90
- RADIO ARZÚA: 107.40



Sirena

Mediante a Sirena de aviso

Alerta

En canto se considere que existe un perigo para a poboación por rotura inminente da presa, soará a sirena instalada durante seis minutos, en 12 ciclos completos de 20 segundos soando e 10 en silencio.



Fin de Alerta

O fin de alerta anunciarase por un sinal continuado da sirena durante un período 30 segundos.



Zona inundable

Presa de San Cosma de Noya

En caso de aloparse preto da presa de SAN COSMADE suban e terceos máis allos canto antes.

O que SÍ debe facer:

- Alfástese o máis rapidamente posible da cantle dos ríos e regueiros. Acuda a sitios elevados.
- Siga as indicacións das autoridades
- Mantéñase informado. Estea atento ás informacións dos medios de comunicación.

O que NON debe facer:

- NON UTILIZAR O TELÉFONO**
Deixe as liñas libres para uso dos servizos de emerxencia. Evite o seu uso salvo causa xustificada.
- NON UTILIZAR AS ESTRADAS AFECTADAS**
O seu corte pode deixalo bloqueado.
- NON CRUZAR RÍOS NIN TORRENTES**
As crecidas dos ríos poden ser moi rápidas, e a forza da auga podería arrastrar.

ANEXO 4. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA

Nº Plano	NOME DO PLANO
Plano 1	Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda 1:25.000
Plano 2	Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda 1:15.000
Plano 3	Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda 1:15.000
Plano 4	Afeccións no Concello de Cerceda.
Plano 5	Afeccións no Concello de Cerceda.
Plano 6	Afeccións no Concello de Cerceda.
Plano 7	Afeccións no Concello de Cerceda.
Plano 8	Localización Punto de encontro e Lugar de evacuación e albergue.
Plano 9	Localización Punto de control de accesos.

ANEXO 5. ELEMENTOS VULNERABLES

Nos elementos vulnerables aparecen reflectidos tanto as poboacións afectadas como as infraestruturas:

1. Núcleos de poboación afectados

NÚCLEO	Elementos afectados	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
O TELLEIRO	3 casas	9 persoas	608 586 940
PORTOBREA	10 casas	30 persoas	608 586 940
XIMAREU DE ABAIXO	6 casas	18 persoas	608 586 940

2. Vías de comunicación afectadas

VÍA	Elementos afectados	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
AC-413 (Estrada Ordes – Carballo)	P.k. 7,90 a 8,20	Vehículos e persoas que transiten pola vía	608 586 940
CP-2403			
Liña FFCC A Coruña-Santiago de Compostela			
Estradas locais			

3. Outras infraestruturas básicas

VÍA	Elementos afectados	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
EDAR Cerceda		-----	----
ETAP Cerceda		-----	981 685 419 626 986 943

4. Vías de comunicación afectadas

VÍA	Elementos afectados	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
Campo de fútbol A Revolta		Persoas que se atopen no lugar	608 586 940
Área recreativa Portobrea		Persoas que se atopen no lugar	608 586 940


ANEXO 6. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PLAN

- 1 vehículo da Policía Local
- 2 vehículos de protección civil
- Coches e furgonetas do Concello de Cerceda (3)
- Medios de telecomunicación para emitir avisos, tales como a radio e a televisión de Cerceda.




NÚM.	LOCALIZACIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
PE	Control de accesos da Central Térmica de Meirama	548.227	4.779.377
LE	Pavilón municipal de Cerceda (Rúa Fernando González Laxe)	542.357	4.782.002

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:17.000 (A3)	Nº plano: 8
		PLANO Localización Punto de encontro (PE) e Lugar de evacuación e albergue (LE). Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	




NÚM.	LOCALIZACIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
PC-1	Estrada Cerceda – Ordes (AC-523) á altura da Central Térmica de Meirama	547.882	4.779.409
PC-2	Estrada AC-523 á altura de Sogama	546.093	4.780.244

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:20.000 (A3)	Nº plano: 9
		PLANO Localización Punto de Control de accesos. Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	




NÚM.	AFECCIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
A4	Liña FFCC A Coruña – Santiago de Compostela	543.701	4.776.883
A5	Ponte liña FFCC A Coruña – Santiago de Compostela	543.689	4.776.859
A6	Ponte (senda)	542.701	4.776.992
A7	Vivendas O Telleiro	542.698	4.776.940

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:5.000 (A3)	Nº plano: 5
		PLANO Afeccións Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	




NÚM.	AFECCIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
A16	Ponte Boicalvo	541.793	4.773.889
A17	Estrada AC-413	541.809	4.773.885
A18	Vivendas Ximareu de Abaixo	541.903	4.774.030

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:5.000 (A3)	Nº plano: 7
		PLANO Afeccións Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	



NÚM.	AFECCIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
A8	Campo de fútbol A Revolta	541.398	4.776.700
A9	Área recreativa Portobrea	541.449	4.776.634
A10	Ponte CP-2403	541.470	4.776.622
A11	Portobrea	541.516	4.776.469
A12	Ponte (estrada local)	541.693	4.776.481
A13	ETAP Cerceda	541.400	4.776.210
A14	Ponte (estrada local)	541.414	4.776.161
A15	Ponte (estrada local)	541.570	4.775.632

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:6.000 (A3)	Nº plano: 6
		PLANO Afeccións Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	



NÚM.	AFECCIÓN	COORDENADAS (UTM) (Fuso 29)	
		X	Y
A1	EDAR Cerceda	545.983	4.778.458
A2	Estrada local	544.620	4.778.272
A3	Ponte do Portigo (estrada local)	544.610	4.778.307

	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:7.500 (A3)	Nº plano: 4
		PLANO Afeccións Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	



	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:15.000 (A3)	Nº plano: 2
		PLANO Presa San Cosmade. Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	



	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:25.000 (A3)	Nº plano: 1
		PLANO Presa San Cosmade. Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	



	CONCELLO DE CERCEDA	PROXECTO Plan de Actuación Municipal do Concello de Cerceda fronte ao risco de inundacións por rotura da presa de San Cosmade.	ESCALA: 1:15.000 (A3)	Nº plano: 3
		PLANO Presa San Cosmade. Área potencialmente inundable no Concello de Cerceda.	DATA: Outubro 2023	